



## ACTA Nº 2 DA MESA DE CONTRATACIÓN. CONTRATO DE OBRA "ACONDICIONAMENTO DE PRAZA PÚBLICA NO CAMPO DA ATALAIA. PORTO DO SON".

### ASISTENTES:

#### Presidente (p.d.):

- D. Antonio Romero Ribeiro (Concelleiro Delegado de Promoción Económica).

#### Vogais:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Magdalena Pérez Millares (Concelleira Delegada de Servizos Sociais).

- D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de Facenda).

- D<sup>a</sup>. Manuela Barcia Vázquez (interventora do Concello).

- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

**Secretario:** D<sup>a</sup>. Silvana Janeiro Moas (tesoureira acctal. do Concello).

**HORA DE INICIO:** 09:35 horas.

**HORA DE REMATE:** 09:50 horas.

No Salón de Actos do Centro de Interpretación do Castro de Baroña, o **23 de outubro de 2015**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento para adxudicar o contrato de obra "Acondicionamento de praza pública no Campo da Atalaia. Porto do Son", baixo a presidencia, por delegación do Sr. Alcalde- Presidente, de D. Antonio Romero Ribeiro e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe.

O obxecto da sesión é o de tratar os asuntos que se indican a continuación:

**ÚNICO.- Acto público de apertura do sobre B ("Referencias técnicas") presentado polos licitadores no procedemento para a contratación da obra "Acondicionamento de praza pública no Campo da Atalaia. Porto do Son".**

Por indicación do Sr. presidente, o secretario do Concello procede a dar conta dos seguintes extremos:

a) Empresarios que concorreron á licitación: ANTONIO FRAMIÑÁN CONSTRUCCIONES, S.L.; CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.; CETA CONTRATAS, S.L.; CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.; CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.; CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.; CONSTRUCCIONES VILA RÍO MIÑO, S.A.; EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.L.; EXCAVACIONES DARÍO, S.L.; EXCAVACIONES YONI TUÑAS, S.L.; EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, S.L.; FERMÍN SIMAL, S.L.; OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.; OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.; TARRÍO Y SUÁREZ OBRAS Y CONTRATAS, S.L. e UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.- EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.

b) Empresarios excluídos do procedemento e causas da exclusión:



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

- ANTONIO FRAMIÑÁN CONSTRUCCIONES, S.L.: o empresario non achega o currículo do encargado xeral nin a documentación complementaria e, de conformidade co previsto na cláusula 12.1 G do prego de cláusulas administrativas particulares "a non presentación dos medios persoais e materiais propostos neste sobre ou a presentación incompleta non poderá ser obxecto de subsanación a posteriori".

Así mesmo, a porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teña previsto subcontratar supera o máximo previsto no epígrafe 4 Bis do cadro de características do contrato. (Cláusula 12.1 do prego).

- OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.: o empresario non achega currículos do delegado, do xefe de obra nin do encargado xeral nin a documentación complementaria requirida e, de conformidade co previsto na cláusula 12.1 G do prego de cláusulas administrativas particulares "a non presentación dos medios persoais e materiais propostos neste sobre ou a presentación incompleta non poderá ser obxecto de subsanación a posteriori".

Non asiste ao acto público ningún representante dos empresarios licitadores.

De seguido, procédese á apertura, por orde alfabético, do "sobre B" ("Referencias técnicas") das proposicións presentadas polos empresarios admitidos na licitación do contrato.

Concluído o acto público de apertura do sobre B, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

**Único.-** Remitir as proposicións técnicas (sobre B - "Referencias técnicas") presentadas polos licitadores admitidos ao procedemento aos Servizos Técnicos municipais para a emisión dun informe de avaliación das mesmas.

Porto do Son, a 23 de outubro de 2015.

**Presidente (p.d.),**

D. Antonio Romero Ribeiro.

**Vogal,**

D.ª M.ª Magdalena Pérez Millares.

**Vogal,**

D.ª María José Maneiro Quintáns.

**Vogal,**

D. José Manuel González García

**Vogal,**

D.ª Manuela Barcia Vázquez.

**Secretario,**

D.ª Silvana Janeiro Moas.